



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA POSTOS DE PEÓN APROL RURAL 2021.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como membros do Tribunal para as probas de selección de dous peóns para a contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural, para a realización de obras/servizos de interese social, no concello de Castro de Rei, ao abeiro da Resolución da Xefa Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo de data 24 de xuño de 2021, que tivo entrada no concelloo día 24 de xuño de 2021 co nº 1.731, e das Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 373/2021, de data de 28 de xuño, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE:

-Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora da Agrupación Castro de Rei-Outeiro de Rei para o desempeño das funcións de intervención en ambos concellos.

VOGAIS:

-Don Alberto Jaime Lugilde Gude, Director da Oficina de Emprego Lugo-Sur.

-Don Emilio Rodríguez Cotarelo, Director da Oficina de Emprego Lugo-Norte.

-Dona María Consuelo Gacio Muiño, Funcionaria do Concello de Castro de Rei.

SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

Segundo.- Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar para o día luns, 12 de xullo de 2021, ás dez horas e trinta minutos, para a celebración da proba escrita e baremación de méritos das Bases reguladoras de contratación, no concello de Castro de Rei.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.

